

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.07 horas do día dezasete de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, non asiste, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2076).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(2077).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON “EAMUS FUNDACIÓN SOCIAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE

TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 58541/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido pola técnica de Benestar Social responsable do programa vía e do xefe da área de Benestar Social, do 2.12.2010, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe da técnica do servizo de Fiscalización, do 14.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.-Autorizar a prórroga para o período 2010-2011 do convenio de colaboración con “Emaus Fundación Social” para o desenvolvemento dun programa de transición á vida autónoma por un importe total de 86.179,08 euros

2.- Autorizar el gasto e dispoñer o pago a favor de EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL, con NIF G20486825, 37.057,00€ con cargo á partida 23102260909 do exercicio 2010 e 49.122,08€ con cargo á mesma partida do exercicio de 2011. Os pagamentos segundo a cláusula sétima do convenio que se prorroga realizaranse nas datas e polos importes que se indican:

43% da cantidade á sinatura do convenio.	Correspóndenlle 37.057,00€
20% no mes de marzo de 2011.	Correspóndenlle 17.235,82€
20% no mes de xullo de 2011.	Correspóndenlle 17.235,82€
17% no mes de decembro de 2011.”	Correspóndenlle 14.650,44€

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.10 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.